

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE MARZO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de marzo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretario accidental don Fernando Garrido Negreira.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria do día 8 de marzo de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente do día 9 de marzo de 2022**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 9 de marzo de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Orde de 25 de febreiro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT215A). (Diario Oficial de Galicia número 47, do día 9 de marzo de 2022).

- Orde de 9 de marzo de 2022, da Consellería de Sanidade, pola que se prorrogan a Orde de 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde de 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde de 29 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de ocio nocturno da Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 49-Bis, do día 11 de marzo de 2022).

- Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axencia Urbana, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. (Boletín Oficial do Estado número 60, do 11 de marzo de 2022).

- Resolución número 2022/12578, de 10 de marzo, do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 (PEL-CONCELLOS). Figura o Concello de Cambre, co obxecto "Programa de integración laboral", cun importe de subvención 52.000.00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 50, do 15 de marzo de 2022).

### 3º. Expedientes de contratación

**3.1. Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000004, polo procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159.6 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo) correspondente ao servizo de deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-22, con opción de prórroga para dous obradoiros máis (2022-23 e 2023-24). Expediente número: 2022/C004/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 27 de xaneiro de 2022 elaborouse pola axente de desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local e do concelleiro-delegado da Área de Desenvolvemento socioeconómico, a memoria xustificativa para a contratación do servizo de deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-22, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2022-23 e 2023-24), na que constan a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a motivación da non división en lotes e a xustificación da elección do procedemento, cun valor estimado de 7.260,00 euros e un orzamento base de licitación de 2.200,00 euros sen IVE, 2.662,00 euros IVE incluído.

Con data do 26 de xaneiro de 2022 elaborouse pola axente de desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local, informe relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo deseño e Impresión de

dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-22, con opción de prórroga para dous exercicios máis (2022-23 e 2023-24).

Con data do 27 de xaneiro de 2022, elaborouse pola axente de desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local, o prego de prescricións técnicas particulares que rexen a realización da prestación.

Consta documento de retención de crédito con data 27 de xaneiro de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 241.22699 "Outros gastos diversos formación de emprego".

Con data 26 de xaneiro de 2022 elaborouse pola axente de desenvolvemento local coa conformidade da responsable da Axencia de desenvolvemento local relativo á non existencia de duplicidades na prestación do servizo de referencia, complementado co informe de sustentabilidade financeira emitido polo interventor municipal con data do 9 de marzo de 2022.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 10 de marzo de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaría accidental e polo interventor municipal de data 10 de marzo de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias que ten atribuídas o concello en materia de fomento do emprego e formación para a inserción laboral contempladas no artigo 86.1. f da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, co que se persegue contratar un servizo de deseño, maquetación e produción de 100 exemplares dun dossier informativo das accións levadas a cabo ao longo do desenvolvemento do obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB III" para o exercicio 2021/22, que sirva de ferramenta para favorecer a inserción laboral dos participantes, ao ser entregado nas empresas dos sectores de actividade nos que se formou o alumnado-traballador, e para difundir e visualizar as accións realizadas ao longo do desenvolvemento do proxecto por parte dos participantes, dos organismos responsables, e das personas e centros colaboradores, enmarcado na execución do obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB III", aprobado por resolución da Xefa territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de data 9 de setembro de 2021, con base na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021 (DOG nº 22 de 3/02/2021).

Con esto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación número 2022/C004/000004, polo procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159.6 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática

(factor prezo) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Deseño e Impresión de dossier informativo do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II 2020-21, con opción de prórroga para dous obradoiros máis (2022-23 e 2023-24).
- Orzamento base de licitación: 2.662,00 €
- Valor estimado: 7.260,00 €
- Prazo de duración/execución: O prazo de duración do contrato será dende a aceptación da adxudicación polo adxudicatario (formalización do contrato) ata o 31 de decembro de 2022, podendo prorrogarse, anualmente, dous anos máis, de conformidade co establecido na cláusula 9 do PCAP.

Isto, a teor do establecido nos artigos 131,159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 241.22699, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios, condicionadas á aprobación das subvencións solicitadas á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no artigo 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto respecto da variación sobre o número de unidades realmente executadas.

**Quinto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada Lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 327/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 389/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
------------	---------------	--------



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

327/2022	04-03-2022	Corrección erros resolución aprobación Consolida Cambre
328/2022	04-03-2022	Aprobación programa de "Exhibición documentáis deportivos por mor do 8M"
329/2022	04-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza. Solicitante: MTAM
330/2022	04-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza. Solicitante: EB
331/2022	04-03-2022	Desistimento de solicitude de axuda de emerxencia social alimentación de DVD por non achegar documentación requirida no prazo establecido
332/2022	04-03-2022	Obradoiros para familias. Programa PÍLLARA
333/2022	04-03-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de marzo de 2022
334/2022	04-03-2022	Aprobación listaxe de admitidos Programa Trans-Formato: Cursos monitor de tempo libre 2022
335/2022	04-03-2022	Convenio ANPA CAMBRE CURSO 20-21
336/2022	04-03-2022	Convenio ANPA GRAXAL 20-21
337/2022	04-03-2022	Convocatoria subvencións nominativas (ANPA BREXO-LEMA)
338/2022	04-03-2022	Nomeamento policía local comisión de servizos
339/2022	04-03-2022	Admitidos programa "Obradoiros e Xogos no Entroido 2022"
340/2022	04-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola apertura dun oco ( ventá) na fachada traseira da vivenda sita en Pena, Sigrás. Propiedade: HMF
341/2022	04-03-2022	Reposición legalidade urbanística por construción de peche que corta un paso de servidume en finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: CSV
342/2022	04-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución dun recheo parcial de de terras na parcela sita en Seoane, Anceis. Titular: MFTG
343/2022	04-03-2022	Reposición legalidade urbanística polas obras realizadas en Mota, Cecebre, consistentes na construción dun novo volume; a modificación do peche da fronte da parcela, a construción de novos peches laterais e de dous muros de contención de terras, así como un recheos de terras. Titular: GPP e MdelCLL
344/2022	04-03-2022	Licenza de reforma da vivenda sita en Penouviña, Cambre promovido por CDM
345/2022	04-03-2022	Aprobación estruturas móbiles para o Entroido 2022, sábado 5 marzo
352/2022	05-03-2022	Aprobación da xustificación para a primeira achega do convenio ciclismo 2021
346/2022	07-03-2022	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 157, letra D, para inhumar o cadáver de GBF, falecido o 13 de xaneiro de 2022
347/2022	07-03-2022	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 152, letra D para inhumar o cadáver de JGM
348/2022	07-03-2022	Autorización apertura urna perimetral sinalada ao número 37, letra B, para inhumar o cadáver de MFR falecido o día 13 de xaneiro de 2022
349/2022	07-03-2022	Expedientes sancionadores de tráfico





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

350/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AMBC
351/2022	07-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMC
353/2022	07-03-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 8.691,36 euros
354/2022	07-03-2022	Aprobación de facturas e gastos, e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 13.402,47 euros
355/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ZBH
356/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: TYTO
357/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionad ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MEPG
358/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MMIJ
359/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JGB
360/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YDCO
361/2022	07-03-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SVGJ
362/2022	07-03-2022	Declaración de ruína de edificación sita na Xira, Sigrás. Propietarios: herdeiros de JCV
363/2022	07-03-2022	Reposición legalidade urbanística a MASA, pola construción dun muro de contención e unha piscina sen título habilitante en Apartada, San Lourenzo
364/2022	07-03-2022	Solicitud de subvención da Deputación provincial da Coruña, dirixido aos concellos da provincia da Coruña, para socorrismo anualidade 2022
365/2022	07-03-2022	Salón de Plenos para voda civil o día 12 de marzo ás 12:30 horas
366/2022	07-03-2022	Adxudicación C.M. para a subministración de tres (3) tablets rugerizadas para Policía Local
367/2022	07-03-2022	Adxudicación C.M. para a subministración de tres (3) impresoras térmicas portátiles inalámbricas para Policía Local
368/2022	08-03-2022	Nomeamento conserxe instalacións deportivas por substitución transitoria do titular
369/2022	08-03-2022	Contrato menor subministración de libros para as bibliotecas municipais
370/2022	08-03-2022	Autorización á Cruz Roja Española, para a ocupación dun espazo



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		público no campo da feira de Cambre o día 18 de marzo de 2022, en horario de 11:00 ás 13: 00 horas
371/2022	08-03-2022	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do primeiro trimestre de 2022
372/2022	08-03-2022	Comparecencia no Xulgado do Social número 5 da Coruña, procedemento 107/2022. Expediente: 2022/G003/000389
373/2022	08-03-2022	Subministración e posta en marcha de 2 máquinas de aire acondicionado para sala de ordenadores e cuarto do cadro eléctrico en planta baixa
374/2022	09-03-2022	Expediente sancionador por vertidos en Leiras por don JLAA
375/2022	09-03-2022	Orde de execución pozo con risco para as persoas no lugar de Espírito Santo. Propietario: E, S.L.
376/2022	09-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en Gamelas, Anceis consistentes: construción que consta dunha soleira de formigón, un armazón ou estrutura de madeira, unha cuberta a unha auga, cunha cubrición de tella, diversas fábricas de ladrillo e bloques de formigón, unha cheminea e o revestimento parcial dalgunhas das fábricas, con pedra irregular. Titular: CDRS e JMVB
377/2022	09-03-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por incumprimento das obrigas establecidas na ordenanza reguladora. Solicitante: EG
378/2022	09-03-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 9 de marzo de 2022
379/2022	09-03-2022	Licenza para realización de muro de contención en parcela lugar Outeiro, Cela promovido por JAMC
380/2022	09-03-2022	Licenza de segregación e parcelación de finca de 2.864 m <sup>2</sup> sita en Estorrentada - Cambre promovida por M <sup>a</sup> FBL
381/2022	09-03-2022	Licenza de primeira ocupación para as vivendas sitas na rúa Amil, promovido por SI, S.L.
382/2022	09-03-2022	Licenza obra maior muro contención expte de legalización en lugar Outeiro, Cela promovido por SPS
383/2022	09-03-2022	Corrección de erros 258/2022 do 22/02/2022
384/2022	09-03-2022	Aprobación inicial Plan especial de infraestruturas e dotación en Lendoiro, A Barcala
385/2022	09-03-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción de 5 edificacións e unha grella e unha grela, sen título habilitantes, na finca sita en San Paio, Brexo. Propietario: MEGdeM
386/2022	09-03-2022	Contrato menor Fran Bueno Abrilustrado 2022
387/2022	09-03-2022	Contrato menor Xosé Cobas Abrilustrado 2022
388/2022	09-03-2022	Taxa instalación cultural para Sementeira "VI encontro de grupos tradicionais" sábado 12/03/2022
389/2022	10-03-2022	Exhibición documentais deportivos do 8M

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución de garantía definitiva por importe de 14.853,63 euros depositada en metálico na Tesourería municipal pola entidade "SANSIGA, SL", en substitución do aval bancario presentado con posterioridade, para a execución do LOTE 4 – Polígono Espírito Santo, da obra "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020". Expediente: 2021/C003/000009

- Proposta de adjudicación do contrato mixto para a "Mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre" a prol do licitador "Jardinería Arce, SL" nos prezo unitarios ofertados, cun orzamento máximo de execución de 24.793,39 euros sen IVE, 30.000,00 euros IVE incluído. Expte: 2021/C003/000016

- Proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á "Subministración de metais para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022" á empresa **HIERROS SANTOS S.L.**, no prezo ofertado de 11.334,46 euros sen IVE, e 13.714,70 euros con IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000014

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de devolución de garantía definitiva por importe de 14.853,63 euros depositada en metálico na Tesourería municipal pola entidade "SANSIGA, SL", en substitución do aval bancario presentado con posterioridade, para a execución do LOTE 4 – Polígono Espírito Santo, da obra "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono de Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED", dentro da Convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública exterior, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020". Expediente: 2021/C003/000009**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que a Xunta de Goberno Local, con data do 1 decembro de 2021 acordou adjudicar os 4 lotes que integran o expediente incoado na plataforma TEdC, ao número 2021/C003/000009 para a contratación da obra de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública en determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led, dentro da convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética en iluminación pública exterior, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020". Con data 2 de decembro de 2021 acordouse a rectificación do acordo anterior respecto da adjudicación do Lote 2 A Barcala, sendo o resultado dos acordos adoptados o seguinte:

- Lote 1 – Cambre: UTE Instelec-Canarga.
- Lote 2 - A Barcala: UTE Instelec-Canarga.
- Lote 3 - O Temple: Montajes Eléctricos Vizcaíno S.L.
- Lote 4 - Polígono Espírito Santo: Sansiga S.L.



Visto que no expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal pola empresa "SANSIGA SL" para o LOTE 4 – Polígono Espírito Santo, con número de rexistro 1038 e data 23/11/2021, por importe de 14.853,63 euros en metálico por medio de transferencia bancaria.

Visto o escrito presentado a través da sede electrónica do Concello de Cambre pola entidade "SANSIGA SL", con data 18/02/2022 e número de rexistro de entrada 202299900000804, no que presenta aval bancario expedido con data 17/02/2022 pola entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A. con NIF A70302039 por importe de 14.853,63 euros en concepto de garantía definitiva para a execución da obra de referencia (Lote 4 Polígono Espírito Santo), solicitando a substitución do aval anterior depositado en metálico polo actual aval bancario.

Visto que no expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal pola empresa "SANSIGA SL" para o LOTE 4 – Polígono Espírito Santo, con número de rexistro 1063 e data 18/02/2022, por importe de 14.853,63 euros por medio do aval bancario mencionado.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 23 de febreiro de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 81/2022 emitido polo interventor municipal con data do 12 de febreiro de 2022.

A teor do establecido no arts. 107- 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada en metálico na Tesourería municipal, con número de rexistro 1038 e data 23/11/2021, por importe de 14.853,63 euros á empresa "SANSIGA, SL", con NIF B15999519 e enderezo en Parque empresarial Alvedro, rúa B nave 5, 15180 Culleredo (A Coruña), quedando substituída ésta polo aval bancario co mesmo importe depositado posteriormente con número de rexistro 1063 e data 18/02/2022, para o LOTE 4 – Polígono Espírito Santo do expediente número 2021/C003/000009, para a obra de "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública en determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións Led, dentro da convocatoria de expresións de interese para a selección e execución de proxectos relativos a actuacións para aforro e eficiencia enerxética en iluminación pública exterior, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".

**Segundo:** Notificar ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a

Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adxudicación do contrato mixto para a “Mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre” a prol do licitador “Jardinería Arce, SL” nos prezo unitarios ofertados, cun orzamento máximo de execución de 24.793,39 euros sen IVE, 30.000,00 euros IVE incluído. Expte: 2021/C003/000016**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C003/000016 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, do contrato mixto para a “Mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 24.793,39 euros sen IVE, 30.000,00 euros IVE incluído.

Vista a valoración das ofertas presentadas, consonte aos criterios contemplados na cláusula 10 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares (oferta económica, estabilidade no emprego e incremento do prazo de garantía), que consta na acta do órgano de asistencia de data 24 de xaneiro de 2022, así como a proposta de adxudicación efectuada coa mesma data polo órgano de asistencia a prol do licitador “Jardinería, SL”, nos prezos unitarios ofertados, sendo o importe máximo de adxudicación 24.793,39 euros sen IVE, 30.000,00 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na Cláusula 10 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público con data 7 de febreiro de 2022.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 8 de marzo de 2022, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 82/2022 emitido polo interventor municipal con data do 12 de marzo de 2022.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade coa proposta formulada con data 24 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, declarar válida a licitación e admitir nela as ofertas presentadas polos seguintes licitadores por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos C coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 12 e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, tendo aportado a declaración responsable e a proposición conforme aos modelos establecidos nos Anexos II.A e II.B do PCAP:

- Jardinería Arce, S.L.
- Zona de Obra O Rosal, S.L.

**Segundo:** De conformidade coa proposta formulada con data 24 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a valoración das proposicións presentadas polos licitadores admitidos no procedemento, tendo en conta os criterios de valoración establecidos na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP, (oferta económica, estabilidade no emprego e incremento do prazo de garantía), co seguinte resultado, así como os cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, non atopándose en dito suposto ningunha das proposicións presentadas:

Cálculo para a obtención das ofertas económicas ponderadas:

	Prezo base	OFERTA 1	OFERTA 2		OFERTA 1	OFERTA 2
Asento 200	863,94	750,2	794,82	0,35	262,57	278,19
Asento 150	683,95	617,1	629,24	0,30	185,13	188,77
Asento 70	395,97	387,2	364,29	0,20	77,44	72,86
Limpeza e protecc banco	107,99	107,69	99,35	0,15	16,15	14,90
	602,96				541,29	554,72
					10,23	8,00

Do que resulta a seguinte valoración:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA			EMPREGO		PRAZO GARANTÍA		TOTAL
	OFERTA PONDERADA	% BAIXA	PUNTOS	%FIXO	PUNTOS	AUMENTO	PUNTOS	
JARDINERIA ARCE S.L.	541,29	10,23	50,00	80,00	35,00	4	15,00	100,00
ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.	554,72	8,00	48,79	23,07	0,00	4	15,00	63,79
			MAX: 50,00		MAX: 35,00		MAX: 15,00	MAX: 100,00



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Terceiro:** De conformidade coa proposta formulada con data 24 de xaneiro de 2022 polo Órgano de Asistencia designado no presente expediente, aprobar a seguinte orde decrecente de clasificación das ofertas admitidas:

	Oferta económica	Estabilidade en el empleo	Incremento plazo de garantía	TOTAL
<b>Jardinería Arce S.L.</b>	50	35	15	100
<b>Zona de Obra O Rosal S.L.</b>	48,79	0	15	63,79

**Cuarto:** De conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data do 24 de xaneiro de 2022, adjudicar o contrato de **"Mellora da funcionalidade de algúns elementos de mobiliario urbano existentes nos espazos públicos de Cambre"** (exp. 2021/C003/000016) a favor da empresa **"Jardinería Arce, SL"**, con NIF B15547979 e enderezo en r/ Manuel Murguía 4-6 entresollado, 15011 A Coruña (A Coruña), nos prezos unitarios ofertados que se relacionan a continuación cun orzamento máximo de execución de 24.793,39 euros sin IVA, 30.000,00 euros IVA incluído, por ser a oferta mellor valorada, obtendo a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 10 e Anexo IV do PCAP, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ( LCSP).

PARTIDA			PREZO SEN IVE	21% IVE	PREZO CON IVE
1	Aseento 200cm	ud	620,00	130,20	<b>750,20</b>
2	Asento 150cm	ud	510,00	107,10	<b>617,10</b>
3	Asento 70cm	ud	320,00	67,20	<b>387,20</b>
4	Limpeza e protecc. banco	ud	89,00	18,69	<b>107,69</b>

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as ventaxas da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse na baixa económica ofertada, na estabilidade do emprego (80,00%) e máis no incremento do prazo de garantía a cinco anos.

**Cuarto:** De conformidade co establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 g) LCSP, por atoparnos ante un procedemento aberto simplificado abreviado, entenderase formalizado o contrato mediante a firma da aceptación polo contratista adjudicatario do acordo de adjudicación que lle sexa notificado, e que deberá aceptar no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

**Quinto:** Designar como director e obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sexto:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentado e publicar, no prazo de quince días, a adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán

recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Sétimo:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Subministración de metais para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022” á empresa HIERROS SANTOS S.L., no prezo ofertado de 11.334,46 euros sen IVE, e 13.714,70 euros con IVE incluído. Expediente núm. 2022/C002/000014**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de marzo de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 10/02/2022 asínase pola axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de Necesidade”, no que se inclúe o documento denominado “Memoria valorada”, correspondente á “Subministración de metais para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022” elaborado pola axente de desenvolvemento local, cun importe de licitación de 12.827,00 euros sen IVE, 15.520,67 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 7 días, no que se motiva a necesidade da subministración xustificando que:

*“(…)o Concello de Cambre pode exercer competencias en materia de políticas activas e emprego, conforme se estipula no art. 3 3.d) “A concurrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co art. 297 da Lei 5/1997. Tampoucose entenderán como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención”.*

*Visto que o art. 8.3 da lei 56/2003, do 16 de decembro, establece que as comunidades autónomas poderán establecer colaboracións con outras entidades para a posta en marcha das políticas activas de emprego. Así mesmo nesta lei no seu art. 4 di “Os Servizos Públicos de Emprego das comunidades autónomas establecerán os mecanismos de colaboración oportunos e no seu caso de participación coas corporacións locais para a execución dos programas e medidas de políticas activas de emprego”.*



Dito proxecto enmárcase dentro das políticas de emprego establecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia (...).

Esta contratación considérase necesaria para executar a progración de cursos do Plan AFD (personas desempregadas), aprobados por resolución de data 14/09/2021, da xefa territorial de A Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se concede ó Concello de Cambre unha subvención para executar cursos de formación ocupacional, e contempla a financiación dos gastos de funcionamento, entre os que se inclúen os gastos en medios materiais, didácticos e de consumo para a formación, do persoal e do alumnado participante. (Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se establece a convocatoria pública para a programación de accións formativas do Plan Formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ó exercicio 2021/2022 (Plan AFD). En concreto para a execución da especialidade: **“Soldadura con electrodo revestido e TIG” (núm. 4255)**

No art. 18.11. da citada orde “Execución da actividade por parte das entidades beneficiarias”, contémprese a obriga de “Por a disposición do alumnado os materiais didácticos que se precisen de forma indubitada para a axeitada realización da formación, así como os equipamentos axeitados tanto para a realización das prácticas como para a súa protección e seguridade, do cal deberá quedar constancia documental asinada por cada un dos alumnos e alumnas”.

(...)

Propónse realizar esta contratación a través dun procedemento de **“CONTRATO MENOR”**, debido a que non se trata dun mesmo subministro que se repita no tempo xa que non se pode prever. Cada docente, na súa liberdade de cátedra elixe os materiais que considera máis adecuados para a aprendizaxe do seu alumnado (no caso dos metais existen múltiples presentacións: tubos, chapas, pletinas, angulares, varillas, ..., en distintos metais: ferro, aceiro inoxidable, aluminio, ..., e en distintas medidas e espesores). O persoal docente varía en cada curso, xa que son contratados por convocatoria pública en cada exercicio e non sempre son contratados os mesmos profesionais. Ademais un mesmo docente pode cambiar de materiais en cada curso dependendo dos que lle poidan resultar máis interesantes para impartir a súa docencia, ou dos traballos prácticos que vaian a realizar a petición dos distintos departamentos municipais. A vixencia do contrato non supera unha anualidade, e finaliza coa finalización dos cursos. Non hai fraccionamento do contrato.

(...).”

Con data 11/02/2022 emítense documentos de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 22199 (Otros suministros fomento de empleo)

Con data 03/03/2022 emítense informe pola axente de desenvolvemento local, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- HIERROS TELMO LÓPEZ S.L.
- HIERROS SANTOS S.L.
- HIERROS TORRES Y SÁEZ S.L.

“E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

EMPRESA	Oferta Sen IVE	Oferta económica IVE incluído (21%)
HIERROS SANTOS S.L.	11.334,46	13.714,70
HIERROS TORRES Y SÁEZ S.L.	Non se presupostan na oferta todos os artigos	

solicitados. (\*)

(\*) A empresa Torres y Sáez non contempla na súa oferta catro dos artigos solicitados, indicando no caso de dous dos artigos que non traballan coa aleación solicitada, e nos outros dous que non contan ou non traballan coas medidas dos artigos solicitados.

Formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente ao “Subministración de metais para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022” á empresa **HIERROS SANTOS S.L.**, co CIF: B15350176 e domicilio na Rúa Jesús Fdez. Pita, 126 C. P.I. Rio do Pozo. 15540 Narón (A Coruña), no prezo ofertado de 11.334,46 euros sen IVE, e 13.714,70 euros con IVE incluído, por ser a única empresa que presentou unha oferta válida a todos os artigos que se precisan, e por atoparse esta oferta por debaixo do prezo máximo de licitación, logo de verificar que a proposta cumpre cos requisitos esixidos na memoria valorada”.

Vistos os informes complementarios emitidos pola axente de desenvolvemento local con datas de 10 e 14 de marzo, respectivamente.

Vistos os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental con data de 12 de marzo de 2022, e mailo informe de fiscalización JUA número 86/2022-Reparo 29R, emitido polo interventor da Corporación con data do 14 de marzo de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a “Proposta-Informe de Necesidade”, correspondente á “Subministración de metais para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022” elaborada pola axente de desenvolvemento local con data do 10/02/2022, cun importe de licitación de 12.827,00 euros sen IVE, 15.520,67 euros IVE incluído, e un prazo de execución de 7 días, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241.22199 (Otros suministros fomento de emprego)

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2022/C002/000014, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de

contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato menor correspondente ao “Subministración de metais para o desenvolvemento do curso de soldadura do Plan AFD 2021-2022” á empresa **HIERROS SANTOS S.L.**, co CIF: B15350176 e domicilio na Rúa Jesús Fdez. Pita, 126 C. P.I. Rio do Pozo. 15540 Narón (A Coruña), no prezo ofertado de 11.334,46 euros sen IVE, e 13.714,70 euros con IVE incluído, por ser a única empresa que presentou unha oferta válida a todos os artigos que se precisan, e por atoparse esta oferta por debaixo do prezo máximo de licitación, logo de verificar que a proposta cumpre cos requisitos esixidos na memoria valorada.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato á axente da Axencia de Desenvolvemento Local, dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretario accidental, dou fe.

O presidente  
Juan González Leirós

O secretario accidental  
Fernando Garrido Negreira